

## Defendamos a dignidade dos/as traballadores/as públicos/as

Os traballadores/as públicos/as estamos sendo o centro da diana das políticas de corte populista dos distintos gobernos:

- Somos culpabilizados de ser os **causantes do déficit público**.
- Somos presentados ante a opinión pública como un **colectivo alleo á crise**.
- Somos elixidos como merecentes dun **sacrificio salarial por ter estabilidade no emprego**.
- Somos utilizados polos gobernos de turno para **xustificar medidas antisociais** en tempos de crise.

É o propio goberno con este tipo de políticas quen difunde a mensaxe ante a cidadanía e o pobo traballador de que os culpábeis son os "funcionarios".

Esta operación feita para **restar dignidade á figura do empregado/a público/a** é unha manobra tramada para evadir a propia responsabilidade do goberno.

Esta indecencia do goberno para **quebrar a unidade da nosa propia clase, a clase traballadora**, é propia da conduta máis vil de quen trata de eludir a súa propia responsabilidade. Eles, e non nós, son os responsábeis deste estado de cousas. Eles, e non nós, son os culpábeis de baleirar as arcas públicas.

- Non somos a causa dun déficit público producido entre outras por unha **política fiscal regresiva**. Non somos culpables da perda de progresividade e equidade na imposición directa.
- Non somos culpables da inxustiza social que supón o incremento dos tipos na imposición indirecta.
- Non somos culpables da **rebaixa do imposto de sociedades, nin da supresión do imposto do patrimonio**. Non somos culpables do trato fiscal privilexiado ás grandes fortunas ao amparo das SICAV.
- Non somos culpables do **fraude fiscal**. Non somos culpables da evasión de máis de 80.000 millóns en impostos e cotas a Seguridade Social.
- Non somos responsables da existencia dun **plus dos altos cargos**, dos 3.000 euros dos xefes territoriais, da contratación a destro e sinistro de empresas privadas.
- Non somos quen concederon **axudas sen control a empresas privadas**, nin axudas a fondo perdido a empresarios sen escrúpulos.
- Non somos culpables da **especulación inmobiliaria**.
- Non somos os causantes do **gasto militar**, nin do dispendio da intervención imperialista en Afganistán.
- Non somos responsábeis dos miles de millóns de euros saídos dos orzamentos públicos para resolver os problemas dos principais axentes da profunda recesión económica: **a banca e os especuladores financeiros**

O goberno culpabilizanos e quere que sexamos os/as empregados/as públicos/as os/as que paguemos a crise.

**POLA DIGNIDADE DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS  
A CRISE QUE A PAGUE O CAPITAL**